

# De Tapia



↓ Manolita da Fonte

*Este texto que publicamos agora lléralo a súa autora, Manuela Martínez Pérez, na emisora da radio municipal de Tapia nel brao de 1992 dentro del programa “Un feixe de cousas”. Manolita da Fonte, que faleceu en Tapia el 18 d’abril de 2001, recorda neste escrito xente, sitios y momentos de Tapia amostrando na súa fala el amor á vila que la vira nacer.*

“E

u nun sei, Tapia, qué teis”, díxolo aquel gran namorado de Tapia que foi Conrado Villar. Pero eu quero dicirvos que ten moitas cousas —y, miánicas, moi guapas— que condo vivimos aquí nun sabemos valorar porque tamos véndolas de sempre. Eu levo moitos anos fora d’este ventoleiro pueblín; anque nun deixara de vir todos os veraos, lo primeiro a ver aquelas queridas tías que tanto se sacrificaron por nosoutros (ta falando a autora d’ela y de sous ermaos Luis, Pepe y Teresita da Fonte), y tamén pra desintoxicar os pulmóns, enchéndolos d’aire puro, con olor a ouca y marfoyo.

Agora subo pol Colado, axeitín, porque nun me dá máis el folgo. ¡Paréceme tan guapo...! Y diredes vosoutros, ¿qué ten El Colado? Ten paz, olor a herba seca, aire que quixera poder levar embotellado, silencio que solo altera el grayido d’un corvo que pasa como dicíndome “aprovéchate, qu’esto é gloria”.

Tou nel Colado y quixera tar nel muelle, ou na Reburdia. Y... ¿qué me dices da praya? Á nosa praya quixeran parecerse algúas del sur, unde el mar ta sempre nel mesmo sitio y como caldo, unde nun podes tumbarte nel arena, de gorda y moura que ta, unde nun hai olas que saltar que che machaquen a barriga.

Agora qu’os moitos anos que teño encima nun me deixan xugar al pin-pón, nun me canso de mirar alrededor, agradecendo a Dios tanto como nos regalóu, y pidirye que nos la deixen sempre así, rodiada de toxos y árboles.

Véinseme agora mesmo á memoria aqueles tempos en que Fernandín y Placeres, aqueles curiosos personaxes que moitos coñecestes y que, sempre coyidíos da mao, baxaban á praya calzados, vestidos y con grandes sombreiros de paya; iban arrimándose á veira del augua y, si Placeres moyaba os pés, tirábayes da mao Fernandín pra moyarse él, y era entonces condo tiraba d’él Placeres. Neste tira tu agora y tiro eu despós pasaban el tempo, hasta que decidían subir pingando.

Y... ¿qué me dices da posta de sol en Tapia? ¿Nun vos parece que debíamos dicir: “Tapia, cónto bon y guapo teis”? Estas y moitas máis cousas saben valorar os veraniantes qu’en verao vein y que cada ano serán máis si nun los espantamos querendo ganar en dous meses pra vivir todo el resto del ano. ¿Sabedes por qué vein? Porque saben descubrir el embruxo dos nosos caleyoís, que na Talaya tein tan limpios aprovechando cualquier esquiniá pra que todo el ano florezan os xeranos.

Así que, xa sabedes: en Tapia é todo guapo. ¡Hasta el nordeste!

